

REGLAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACIÓN CIUDADANA

PREÁMBULO

Acolléndose ás disposicións legais vixentes: Constitución española artigos 9-2 e 23; artigos 1.1, 4.1, 20, 24, 27, 69 a 72 ambos inclusive e o Título V, capítulo IV da LRBRL; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (artigos 4, 69 ó 72 ambos inclusive e 251 ó 257 ambos inclusive; Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (artigos 227 ó 236 ambos inclusive) o Concello de Pontevedra pretende desenvolver unha normativa que regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos dos cidadáns e das entidades que os aglutinan e nas cales se organizan, nomeadamente as asociacións veciñais sen ánimo de lucro, que representan o elemento vertebrador dunha colectividade.

A democracia participativa, emanada da base da sociedade a través da iniciativa popular e das organizacións e entidades cidadás, debe ser o complemento e elemento enriquecedor da democracia representativa. Participación e descentralización, xunto coa eficacia e a transparencia na xestión permiten a un Concello, aberto e democrático, impulsar unha actuación ó servizo dos intereses dos cidadáns que senten o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socio-económico do seu Concello.

Esta cooperación atopa o seu marco idóneo na descentralización e na información, motivadoras do achegamento entre o cidadán e a Administración Local na procura dunha máis áxil resposta do Concello ós problemas cotiáns.

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- O obxecto do presente Regulamento e o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal, de conformidade co ordenamento xurídico vixente.

Artigo 2.- Os obxectivos que se pretenden atinxir co presente Regulamento, son os seguintes:

2.1.- Facilita-la máis ampla información sobre as actividades e a xestión municipal.

2.2.- Facilitar e promove-la iniciativa e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal, sen menoscabo das competencias legalmente atribuídas ós órganos establecidos pola Lei e facer efectivos os dereitos recollidos no artigo 18 da LRBRL.

2.3.- Crea-los órganos e mecanismos que garantan as posibilidades de consulta dos veciños, de conformidade co establecido no artigo 70.3 d.- LABRL.

2.4.- Fomenta-lo asociacionismo cidadán.

2.5.- Achega-la xestión municipal ós cidadáns.

2.6.- Garanti-la solidariedade e equilibrio entre os distintos barrios e parroquias.

TÍTULO 1. DAS ENTIDADES CIDADÁS E DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

CAPÍTULO 1.- DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

Artigo 3.- O Rexistro Municipal de Asociacións ten por obxecto permitir ó Concello coñece-lo número de entidades existentes no seu territorio, facilita-las relacións entre estas e o Concello, coñece-los seus fins e a súa representatividade e peso específico, ós efectos de posibilita-lo fomento do asociacionismo e a participación cidadá, baixo os criterios de obxectividade, imparcialidade e igualdade.

Artigo 4.- Poderán solicitar e obte-la inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas entidades, legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, das cales o marco territorial de actuación sexa o Concello de Pontevedra, e que teñan

como obxecto fundamental a defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos cidadáns. En especial as asociacións de veciños, de pais de alumnos, entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís e estudiantís, medio-ambientais, profesionais, empresariais e sindicais entre outras.

Artigo 5.- Para o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 72 da LRBRL e no presente Regulamento, as Asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, será precisa a previa ou simultánea inscrición no citado Rexistro Municipal de Asociacións. Nembargantes, a solicitude da interesada, o Concello recoñecerá ás Asociacións non inscritas o exercicio daqueles dereitos, suscitando a condición de obter a súa inscrición no devandito Rexistro no prazo de dous meses. En caso de ser denegada a inscrición será sempre motivada.

Artigo 6.-

A solicitude de inscrición presentarse no Rexistro Xeral e tramitarse a través da Delegación de Participación Cidadá, sendo os seus datos públicos

As inscricións no Rexistro Municipal de Asociacións deberán realizalas as entidades interesadas, debendo aporta-los seguintes documentos:

1.- Os Estatutos da entidade.

2.- Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións ou noutros rexistros públicos.

3.- Datos de identificación das persoas que ocupan cargos directivos.

4.- Domicilio social e cédula de identificación fiscal.

5.- Orzamentos do ano en curso.

6.- Programa de actividades do ano en curso.

7.- Certificación do número de socios.

Artigo 7.- No prazo de 30 días dende a solicitude de inscrición, unha vez aportada toda a documentación non incluída inicialmente, o Concello notificará á Asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considerárase de alta a tódolos efectos.

Artigo 8.- As Asociacións inscritas, están obrigadas a actualiza-los datos no Rexistro, notificando cantas modificacións se producisen, no prazo máximo dun mes. En todo caso cada ano as Asociacións actualizarán ditos datos e aportarán certificación do número de socios.

No último trimestre do ano as Asociacións presentarán unha memoria onde constará como mínimo a relación de actividades realizadas e o balance económico do exercicio e da súa aplicación, máis o programa de actividades e orzamento para o ano seguinte.

Artigo 9.- O incumprimento das obrigas contempladas nos artigos anteriores do presente Regulamento, suporá a apertura do correspondente expediente que poderá dar lugar á baixa da entidade ou Asociación incumpridora, do Rexistro Municipal, coa correspondente perda dos dereitos que da súa inscrición se derivan.

CAPITULO II.- DAS ENTIDADES REXISTRADAS

Artigo 10.- As entidades que figuren no Rexistro Municipal de Asociacións teran recoñecidos os seguintes dereitos:

1.-Participar na Xestión Municipal nos termos contemplados no presente Regulamento.

2.-Acollerse ós dereitos de iniciativa á información ou a calquera outro dereito recoñecido pola Lei e establecido no presente Regulamento.

3.- Propo-los seus propios representantes en tódolos órganos que este Regulamento contempla para a Participación Cidadá.

4.- Ser beneficiarios das axudas técnicas e económicas ou de calquera outro tipo que o Concello poida ofrecer para o desenrolo e potenciación das súas actividades.

5.- Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido aos vecinos en xeral, as entidades a que se refire o artigo 5 teñen dereito a:

a) Recibir no seu domicilio social, de forma continuada e previa solicitude, as convocatorias e Ordes do Día dos Plenos da Corporación.

b) Recibi-las publicacións de carácter informativo que edite o Concello, teñan estas carácter periódico ou non.

c) Acceder ó uso dos medios públicos municipais, especialmente locais e medios de comunicación. O uso dos medios públicos municipais deberá ser solicitado por escrito ó Concello quen contestará antes de 15 días naturais coa antelación que se estableza polos servicios correspondentes.

d) As Asociacións declaradas de utilidade pública municipal terán dereito a subscribir convenios de xestión de servicios, de formación ocupacional, dinamización socio cultural ou de calquera outra modalidade co fin xeral do benestar cidadán.

Artigo 11.- O Orzamento Municipal incluírá unha partida destinada especificamente ó fomento e mantemento do asociacionismo independentemente das subvencións que poidan recibir pola realización de actividades. Nas bases de execución dos orzamentos, así como no Regulamento de subvencións explicitaranse os criterios obxectivos de distribución de axudas ás entidades, que deberán ser xustificadas.

En todo caso, será requisito previo a calquera percepción de subvención o estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, especialmente o que se refire ó artigo 8 do presente Regulamento

CAPÍTULO III- DA DECLARACIÓN DE UTILIDADE PUBLICA

Artigo 12.- O Pleno da Corporación poderá solicita-la declaración de utilidade pública das entidades cidadás que considere oportuno, previo informe do Consello Territorial a que pertenza.

CAPITULO IV- DECLARACIÓN DE UTILIDADE PUBLICA MUNICIPAL A FAVOR DAS ENTIDADES CIDADAS

Artigo 13.- As entidades cidadás inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións poderán ser recoñecidas polo Concello como entidades de utilidade pública municipal sempre que a súa actividade sexa de interese xeral e complementaria da propia actividade municipal na medida que o permita a legislación aplicable, cos alcances previstos na mesma lexislación, e leven a cabo unha acción continuada.

Artigo 14.- A solicitude de recoñecemento de utilidade pública municipal poderá facerse de oficio polo goberno do Concello, a petición de calquera grupo político presente na Corporación, ou a instancia da propia entidade.

Artigo 15.- A instancia ou petición de declaración de utilidade pública iniciárase con petición razoada ó Ilmo. Sr. Alcalde e adxuntando a seguinte documentación:

1. Exposición de motivos nos que se basee a petición.

2. Informe do Rexistro Municipal de Asociacións, cos datos actualizados da entidade solicitante.

3. Memoria das actividades realizadas dende os dous últimos anos anteriores á solicitude debidamente xustificadas ou documentadas,

Artigo 16.- Reunida a documentación e previo dictame da Comisión Informativa de Organización e Participación e previa deliberación das áreas implicadas, elevarase a oportuna proposta ó Pleno da Excm. Corporación.

Artigo 17.- Os criterios fundamentais de valoración para a declaración de utilidade pública municipal serán os seguintes:

a) Interese xeral da entidade no ámbito do termo municipal de Pontevedra.

b) Obxecto social da entidade e actividades realizadas a prol deste Municipio.

c) Ámbito de poboación afectado polas actividades da entidade, e grao de participación dos cidadáns nas mesmas.

Artigo 18.- Acordada polo Pleno do Excmo. Concello a declaración de utilidade pública, inscribírase esta no Rexistro Municipal de Asociacións, facéndose público nos Boletíns Oficiais, taboleiros de anuncios e medios de comunicación.

Artigo 19.- Declarada de utilidade pública municipal unha entidade terá os seguintes dereitos:

a) Usar deste título en tódolos documentos a continuación do nome da entidade.

b) Poder acceder ás axudas económicas establecidas e uso dos medios locais e medios de comunicación para o desenvolvemento das súas actividades.

c) Gozar dos beneficios fiscais que a lexislación vixente recoñece a este tipo de entidades, de acordo co Título Primeiro da Lei Xeral Tributaria, e que figuren nas Ordenanzas Municipais.

Artigo 20.- As entidades cidadás declaradas de utilidade pública municipal deberán presentar no primeiro trimestre de cada ano memoria das actividades realizadas no último ano, así como o programa de actividades para o ano en curso.

Deberán tamen emiti-los informes de asuntos da súa competencia cando lles sexan solicitados polo Concello.

Artigo 21.- A declaración de utilidade pública municipal poderá ser revocada polo Pleno do Excmo. Concello, cando o incumprimento dos deberes, o mal uso dos dereitos adquiridos ou a carencia de actividade así o aconsellen.

TITULO II- DA INFORMACIÓN MUNICIPAL

CAPITULO 1.- DA INFORMACIÓN EN XERAL

Artigo 22.- O Concello informará ós veciños da súa xestión a través dos medios de comunicación social e municipal, e mediante a edición de publicacións, folletos e bandos, así como colocará taboleiros e paneis informativos. Así mesmo recollerase a opinión dos veciños e entidades a través de campañas de información, debates, asembleas, reunións, consultas, enquisas e sondeos de opinión.

CAPITULO II.- DA OFICINA DE INFORMACIÓN MUNICIPAL

Artigo 23.- Nas dependencias da Casa do Concello e nos órganos desconcentrados dos Barrios e Parroquias funcionará un servizo de Información Municipal, así como un Rexistro auxiliar, do xeral do Concello, coa finalidade de:

Recolle-las instancias, iniciativas, queixas e reclamacións que presenten os veciños ou as entidades cidadás.

Canalizar e coordinar dende os distintos departamentos municipais toda actividade relacionada coa información ó cidadán

Recabar dos distintos departamentos municipais o estado de tramitación administrativa pola que discorre cada expediente a petición do interesado.

Facilitar información relativa ó funcionamento do Concello, actuacións municipais, dereitos dos cidadáns e calquera outra, ben directamente ou ben usando os medios técnicos que se implanten (teléfono do veciño, soportes informáticos de información, etc.).

Artigo 24.- A obtención de copias e certificacións acreditativas de acordos municipais ou antecedentes dos mesmos, solicitarase por escrito no Rexistro. A Oficina de Información Municipal realizará as xestións que sexan oportunas para que o solicitante obteña resposta á súa solicitude no prazo máis breve posible que non poderá sobrepasar os 30 días naturais

Artigo 25.- O Concello dará a máxima difusión das convocatorias e Ordes do Día dos Plenos, Comisións Informativas e Comisión de Goberno.

Artigo 26.- Serán obxecto de especial tratamento informativo e divulgativo os grandes temas municipais, como o orzamento anual, o plan de acción municipal, a creación e

modificación das ordenanzas fiscais, plans de urbanismo sectoriais, programas sociais, culturais, de saúde e outros que considere conveniente o Concello.

TITULO III.- DA INICIATIVA CIDADÁ

Artigo 27.- Calquera veciño ou entidade poderá presentar iniciativas.

A través da Iniciativa Cidadá poderase recabar do Concello a execución dunha determinada actuación de competencia e interés público municipal

Artigo 28.- A Iniciativa será presentada por escrito dirixido ó Alcalde e nela deberán figura-los datos de identificación de quen realice a proposta e no seu caso a asociación a quen representa.

Artigo 29.- O destinatario da Iniciativa informará ó solicitante do trámite que se lle vaia dar á mesma. Se a proposta chega a tratarse nalgún órgano Colexiado municipal, non executivo, quen actúe de Secretario do mesmo remitirá ó proponente, no prazo máximo de 30 días naturais, copia da parte correspondente da Acta da Sesión. O Presidente do órgano Colexiado municipal deberá requeri-la presenza do autor da proposta na sesión que corresponda, o cal poderá delegar noutro membro da entidade, a efectos de explicala e defendela.

Artigo 30.- Na redacción dos orzamentos anuais o Concello terá en conta as Iniciativas cidadás aprobadas, coidando, na medida do posible, de que todas elas dispoñan de dotación orzamentaria suficiente para podelas levar a efecto.

TITULO IV.- DA CONSULTA CIDADAN

Artigo 31.- O Concello, de acordo co artigo 71 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e do artigo 257 da Lei 5/1997, de 22 de xulio, da Administración Local de Galicia, poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os intereses dos veciños, excepto os relativos á Facenda Local.

Artigo 32.- A consulta cidadá en todos os casos contemplará o dereito de tódolos cidadáns censados a seren consultados e a que a consulta exprese as posibles solucións alternativas coa máxima información posible, escrita e gráfica.

Artigo 33.-

1. Corresponde ó Concello realiza-los trámites pertinentes para celebra-la consulta cidadá sobre materias da súa competencia.

2. Tamén se poderá celebrar consulta cidadá a petición colectiva firmada por un mínimo de veciños non inferior ó 10% do Censo Electoral Municipal.

Todo o que non prevé este artigo regularase polo disposto na Lexislación Estatal ou da Comunidade Autónoma, especialmente a Lei Orgánica 2/1980 de 18 de xaneiro, reguladora das diferentes modalidades de Referendum.

TITULO V.- DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ÓRGANOS MUNICIPAIS

CAPITULO 1.- DOS CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

Artigo 34.- As Entidades cidadás, poderán realizar calquera tipo de propostas que estean relacionadas con temas que afecten á Parroquia, Barrio ou ó Concello en xeral. Estas faranse por escrito para que ditas propostas sexan tratadas polo órgano competente.

Artigo 35.- Os representantes das entidades e colectivos de afectados ou veciños poderán intervenir naquelas comisións informativas nas que figuren asuntos que afecten a estes colectivos na Orde do Día, sempre que o soliciten previamente da Presidencia e sexan autorizados, xustificando a representación e o motivo. Tamén poderán asistir por invitación expresa do Presidente da Comisión.

Artigo 36.- O Alcalde-Presidente da Comisión de Goberno, se o considera oportuno, poderá convocar ás súas reunións deliberantes, ós representantes das entidades cidadás para a defensa dos intereses xerais ou dos veciños.

Artigo 37.- Calquera entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións que se teña presentado como interesado na tramitación administrativa, poderá manifesta-la súa opinión sobre temas de especial transcendencia nas sesións do Pleno da Corporación, mediante escrito dirixido ó Ilmo. Sr. Alcalde. O Alcalde, se así o considera, levarao ó Pleno, no que se dará lectura ó mesmo, podendo autorizar a un único representante da entidade para facer unha exposición do mesmo durante o tempo que lle sexa sinalado e, en todo caso, antes da lectura, debate e votación da proposta incluída na Orde do Día. O Sr. Alcalde avisará con 24 horas de antelación como mínimo á entidade afectada. O texto do escrito incorporárase á Acta no expediente correspondente.

CAPITULO II.- DOS ÓRGANOS ESPECIFICOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Artigo 38.- Os órganos específicos de participación cidadá serán os Consellos Territoriais, que teñen como obxecto analizar e canaliza-la participación das entidades cidadás na vida municipal.

Artigo 39.- Os Consellos Territoriais son órganos desconcentrados de xestión e canles de participación e expresión dos intereses específicos da poboación das distintas zonas en que sexa dividido o Concello de Pontevedra.

Artigo 40.- Os Consellos Territoriais poderán ser de Barrio ou de Parroquia nas zonas urbanas e de Parroquia nas zonas rurais do termo municipal.

Artigo 41.- Os Consellos Territoriais que non teñen personalidade xurídica propia, posúen autonomía funcional, como órganos desconcentrados, para o exercicio das súas competencias e baixo a dirección dos órganos centrais do Concello.

Artigo 42.- A súa actividade estará baseada nos seguintes fins e obxectivos fundamentais, que se aplicarán como criterios reguladores:

1º.- Achegamento da xestión municipal ós cidadáns.

2º.- Coordinación cos órganos centrais do Concello.

3º.- Permiti-la máxima participación dos veciños, colectivos e entidades na actividade do Concello.

4º.- Facilita-la máis ampla información e publicidade sobre as súas actividades e acordos.

5º.- Garanti-la efectividade dos dereitos e deberes dos veciños recoñecidos na vixente lexislación local.

6º.- Fomento do asociacionismo.

7º.- Sometimento á Lei e ó Dereito en especial á lexislación local.

Artigo 43.- O órgano básico de goberno e administración é o Pleno do Consello, que poderá delegar en comisións informativas sectoriais, grupos de traballo ou calquera outro órgano sin atribucións resolutivas.

Artigo 44.- A composición dos Consellos territoriais farase da forma seguinte:

Un Presidente: O Alcalde

Un Vicepresidente I: O Concelleiro delegado

Un Vicepresidente II : Un vocal elixido dentro dos compoñentes do Consello.

Un Secretario: O membro máis xove do Consello

Vocais: Un representante de cada entidade legalmente constituída, sen ánimo de lucro, que se manteña activa dentro do ámbito territorial.

Artigo 45.-

1).- O Pleno do Consello é o supremo órgano colexiado que ten carácter decisorio e reunirse a lo menos unha vez cada seis meses.

2).- Constitúese validamente coa asistencia dun tercio do número legal dos membros do mesmo, que nunca poderá ser inferior a tres.

Requírese a presenza do Presidente ou no seu caso por delegación no Vicepresidente I e do Secretario.

3).- As sesións do Pleno serán públicas, facilitándose a asistencia ou a información a tódolos interesados, mediante os medios adecuados para o caso.

4).- Un extracto ou resume dos acordos e do resultado da votación, deberá ser remitido á Alcaldía e exposto publicamente no tabloeiro de anuncios local, nun prazo de 4 días seguintes á votación.

5).- Os acordos adoptaranse por maioría simple, manténdose o voto de calidade do Presidente.

Artigo 46.- Sen prexuízo do disposto en norma de rango superior serán competencias dos Consellos Territoriais:

A) Informar durante o período de información pública, dos seguintes actos administrativos e disposicións normativas:

A.1.- Plan de Actuación Municipal.

A.2.- Actuacións de Urbanismo que afecten ó seu ámbito territorial.

A.3.- Planos de conxunto sobre saneamentos, transporte, vivenda, educación e outros servizos públicos.

B) Facer chegar á Alcaldía ou ós órganos municipais competentes as aspiracións de cada Barrio ou Parroquia relativa a obras e servizos.

C) Informar e propo-la subvención que corresponda ás entidades sociais existentes no ámbito territorial do Consello Territorial do Barrio ou Parroquia.

D) Emitir informe non vinculante, durante o período de información pública nos seguintes casos:

D.1.- Aprobación de Plans parciais e especiais de Ordenación Urbanística que afecten ós diferentes Barrios ou Parroquias.

D.2.- Aprobación de Plans e Proxectos de equipamento que afecten ós Barrios ou Parroquias.

D.3.- Aprobación de estudos de detalle e proxectos de urbanización, en cada Barrio ou Parroquia.

D.4.- Concesións de vivendas de Promoción Pública.

E) Informar ós veciños e entidades da actividade municipal en xeral, e do Consello Territorial en particular. Asemade poderán emitir informes sobre as peticións dos veciños relativas á prestación dos servizos municipais do Barrio ou Parroquia e sobre o cumprimento das Ordenanzas por parte do vecindario e do Concello.

F) Elaborar estudos sobre as necesidades do Barrio ou Parroquia.

G) Participar na xestión dos Centros Sociais, Casa da Cultura, instalacións deportivas municipais, bibliotecas e outros centros ou instalacións municipais no Barrio ou Parroquia

H) E calquera outra que o Pleno da Corporación estime oportuno.

TITULO VI.- DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, EMPRESAS E SERVIZOS MUNICIPAIS

Artigo 47.- Co fin de achega-la Xestión e Administración municipal ó cidadán, o Concello desconcentrará paulatinamente o maior número de servizos administrativos nos barrios e parroquias.

Buscarase a colaboración das entidades cidadans onde se instalen as Unidades Administrativas descentralizadas coa finalidade de ofrece-lo mellor servizo ó veciño.

Artigo 48.- Nos Estatutos dos Institutos, Fundacións ou calquera outro organismo autónomo municipal, contemplarase a participación das entidades cidadás mediante os seus representantes, cos mesmos dereitos e deberes que os demais membros do organismo.

Artigo 49.- A representación das entidades cidadás nos órganos autónomos será distribuída entre as asociacións sectoriais representativas que cumpran o artigo 5 do presente Regulamento.

Artigo 50.- Nos órganos rectores das empresas municipais e mixtas estarán presentes representantes do movemento cidadán e de asociacións sectoriais: do mesmo xeito que nas comisións municipais, cando figurasen no prego de condicións.

En caso contrario, a Delegación de área correspondente ó servizo deberá intercambiar coas entidades sectoriais e veciñais implicadas, puntual información do funcionamento do servizo.

DISPOSICIONS ADICIONALES:

PRIMEIRA:

Recoñecido constitucionalmente o dereito dos cidadáns a expresarse na propia lingua, o Concello normalizará todos aqueles documentos, impresos e formularios, a través do seu servizo de normalización lingüística, coa finalidade de facer efectivo este dereito.

SEGUNDA:

Para a resolución das cuestións non previstas ou dúbidas de interpretación que poidan xurdir na aplicación do presente Regulamento, facúltase á Comisión de Goberno para que resolva, previo informe da Concellería Delegada de Participación Cidadá ou calquera outra con competencia.

TERCEIRA:

A modificación total ou parcial do presente Regulamento corresponde o Pleno da Corporación, requeriéndose para iso o mesmo quorum que para a súa aprobación.

CUARTA:

Mediante acordo plenario crearanse e regularanse os Consellos Sectoriais previstos na Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (artigos 69 a 72 inclusive).

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS:

PRIMEIRA:

O Concello avaliará o desenvolvemento das experiencias participativas contempladas neste Regulamento, transcorrido un ano a partir da data en que entre en vigor.

SEGUNDA:

No prazo dun ano a partir da aprobación definitiva do presente Regulamento, constituiranse os Consellos Territoriais contemplados no artigo 39.

TERCEIRA:

No prazo de dous meses a partir da aprobación definitiva do presente Regulamento revisarase o Rexistro municipal de Asociacións á luz do establecido no presente Regulamento e divulgarase a necesidade de inscrición nel de tódalas entidades.

CUARTA:

En tanto non se cre a Comisión Informativa de Organización e Participación as súas funcións quedarán atribuídas á Comisión Informativa de Administración e Réxime Interior.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.